



AXUDAS LIBROS E MATERIAL

EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2025 / 2026

ABERTO PRAZO SOLICITUDES

(Ata o 20 de XUÑO de 2025)

ORDE do 28 de abril de 2025 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2025/26 (DOG núm. 92 do 15 de maio de 2025)

PRAZOS DE TRAMITACIÓN	
Presentación solicitudes no centro no que estea admitido	16 maio a 20 xuño
Publicación listaxe provisional axudas concedidas	4 xullo
Presentación de reclamacións	7 e 8 de xullo
Publicación listaxe definitiva axudas concedidas	10 de xullo
Reparto de vales	Do 10 ata o 18 de xullo

Verín, 15 de maio de 2025



A Secretaría do Centro

Estimadas familias,

No **DOG de 15 de maio de 2025**, publícase a Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado de educación primaria para o vindeiro curso **2025-2026**.

O prazo para presentar solicitudes abrangue **dende o 16 de maio ata o 20 de xuño** de 2025.

AXUDA LIBROS DE TEXTO (alumnado 1º e 2º Educación Primaria)

Renda per cápita familiar $\leq$ ou = a 6.000 € -----	240 €
Renda per cápita familiar $>$ 6.000 € e $\leq$ ou = a 10.000€ -----	160 €
Alumnado EE ou discapacidade $\geq$ ou = ao 65% -----	300 €
Alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia -----	240 €

ASIGNACIÓN DE LIBROS DE TEXTO (alumnado 3º, 4º, 5º e 6º Educación Primaria):

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € -----	6 libros
Renda per cápita familiar $>$ 6.000 € e $\leq$ ou = 10.000 € -----	4 libros
Garda ou tutela da Xunta de Galicia -----	6 libros
Discapacidade igual ou superior ao 65% -----	6 libros

O alumnado con NEAE recibirá axuda para a compra de libros como os de 1º e 2º EP.

AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR (alumnado 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º Educación Primaria)

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € -----	75 €
Garda ou tutela da Xunta de Galicia, os EE ou con discapacidade $\geq$ 75% -----	75 €
Renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000, pero superior a 6.000 € -----	60 €

Documentación a aportar coa solicitude:

1. LIBRO DE FAMILIA
2. CERTIFICADO DE CONVIVENCIA OU INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS, no caso de que algún dos pais ou titores non dispoña de DNI ou NIE ou non coincidan membros da unidade familiar cos do libro de familia.
3. SENTENZA XUDICIAL DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO, de ser o caso
4. CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DE ALGÚN MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR, de ser o caso (no caso de que fora concedida pola Xunta de Galicia é suficiente que autoricen a consulta de datos)
5. RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA OU XUDICIAL DE ACOLLEMENTO, de ser o caso
6. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA VIOLENCIA DE XÉNERO, de ser o caso

Lembren que:

- ☛ Só o alumnado **admitido** se pode acoller á axuda.
- ☛ Presentarase **unha única solicitude para tódolos irmáns** escolarizados ou admitidos no **mesmo centro**.
- ☛ A concesión está condicionada á devolución en prazo dos libros adquiridos coas axudas do ano anterior no caso do fondolibros.
- ☛ Os datos da **situación persoal** e composición da unidade familiar deberán referirse **ao 31 de decembro de 2023**.
- ☛ Computan por **dous** os membros con discapacidade $\geq$ ou = ao 33% ou perciba unha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.
- ☛ Se se presentaron a **declaración da renda no 2023**, súmanse as **casillas 435+460** e divídese polos membros da unidade familiar a 31 de decembro de 2023 para obter a renda per cápita familiar. Noutro caso téñense en conta os ingresos facilitados pola axencia tributaria e divídese polo número de membros da unidade familiar.

Atentamente,
A SECRETARÍA DO CENTRO

